



## **CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR CURSO 2018-2019**

Seguindo o disposto na instrución 2/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de 4 de xuño de 2018, informamos:

### **Solicitudes:**

Pódense recoller no centro ou na web do colexio as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2018/19. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

### **Documentación que acompaña á solicitude:**

1. Autodeclaración (Anexo II), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano. Non terán que traelo os usuarios con praza no curso 17/18.

### **Non precisan presentar a autodeclaración (con acreditación documental):**

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

### **Número de prazas concedidas: 80**

### **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario no curso anterior.
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Alumnado membro de familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.
6. Outro alumnado do centro, incluído o escolarizado fóra da área de influencia que lle corresponde.

### **Criterios de desempate (con acreditación documental):**

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
2. Alumnado con irmáns/ás usuarios efectivos de comedor no curso anterior.
3. Alumnado con irmáns/ás que solicitan o uso do comedor.
4. Orde alfabética coincidente coa correspondente ao proceso de admisión de alumnado deste ano: 1º apelido, letras "Z" e "T"; segundo apelido, letras "C" e "J".

### **Prazos:**

Entrega de solicitudes: do 11 ao 26 de xuño.

Publicación lista provisional de admitidos: 2 de xullo.

Reclamacións: do 3 ao 9 de xullo inclusive.

Publicación lista definitiva: 12 de xullo.

Narón 11 de xuño de 2018

O Director